

## VACINACIÓN FRONTE AO HERPES ZÓSTER AOS 65 E 80 ANOS

Durante 2022, en Galicia notificáronse 10.198 casos de herpes zóster (HZ), que supoñen unha taxa de incidencia de 377 casos por cen mil habitantes. Dende 2012 ata 2022, a taxa de incidencia en Galicia medrou un 24%, cun maior aumento en mulleres (29%), nas que o HZ é máis frecuente [1], que en homes (18%). Ademais, como é ben sabido, a incidencia e as complicacións do HZ medran [Apéndice], como está a ocorrer noutros países, debido ao envellecemento da poboación e ao aumento de persoas con factores de risco para HZ [2] [3], [4].

Por estes motivos, durante este 2023 a Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) acaba de incluír a vacinación sistemática fronte ao herpes zóster (HZ) no [Calendario de vacinación ao longo de toda a vida](#) ao cumprir 65 ou 80 anos. Así, dende este pasado 10 de abril, xa se pode administrar esta vacina ás persoas nadas no ano 1958 e 1943. Posteriormente, cada ano, incluíranse ás persoas segundo vaian cumprindo tamén os 65 ou 80 anos de idade.

Así mesmo, mantense a recomendación de vacinar fronte ao HZ ás persoas de 18 ou máis anos que pertencen a algún dos grupos de alto risco introducidos o pasado ano 2022 [Apéndice].

A pauta de vacinación consiste en dúas doses da vacina HZ/su (*Shingrix*®) intramusculares separadas dous meses unha da outra. A vacina amosou nos ensaios clínicos boa tolerancia e seguridade, cunha efectividade superior ao 90% fronte ao HZ, á neuralxia postherpética e a outras complicacións. Para obter máis información, pode consultar a [instrución dispoñible na páxina web da DXSP](#).

Cómpre salientar que esta vacina tamén se lle debe recomendar ás persoas que xa tiveron un episodio anterior de HZ (esperando un ano tras o episodio), malia que a recorrencia só sexa dun 6% aos 8 anos de seguimento [5]. Así mesmo, non será preciso o antecedente de ter padecido varicela para recomendar a vacina, posto que os datos de seroprevalencia mostran que máis do 97% das cohortes de idade que teñen recomendada a vacina teñen este antecedente [Apéndice].

Para rematar, recordar que o HZ é unha enfermidade de declaración obrigatoria rutineira en atención primaria. Para notificarla, é necesario codificar o motivo de consulta co código S70 da CIAP-2 que inclúe a neuralxia postherpética e o HZ oftálmico [6]. Non obstante, as consultas relativas á vacinación do HZ correspóndelles o código S44.

## ENFERMIDADE POLO VIRUS MARBURGO: ABROCHOS EN GUINEA ECUATORIAL E TANZANIA

A [enfermidade polo virus Marburgo \(EVM\)](#) é unha febre hemorráxica vírica que se transmite ás persoas a través dos morcegos da froita. Entre persoas, propágase a través do contacto directo cos fluídos corporais, superficies ou materiais infectados. A EVM comeza de forma aguda con febre alta, cefalea intensa ou malestar xeral, podendo provocar síntomas hemorráxicos graves nos primeiros 7 días. Actualmente non existen vacinas nin tratamentos antivirais aprobados, presentando unha letalidade en torno ao 50%. A rehidratación e o tratamento sintomático melloran a súa supervivencia [1], [2], [3].

O pasado 13 de febreiro, as autoridades sanitarias de [Guinea Ecuatorial \(GE\)](#) notificaron o primeiro abrocho de EVM no país. Na recente [actualización epidemiolóxica publicada por GE](#) o 10 de abril, indican a presenza de 15 casos confirmados, distribuídos en diversas zonas do país e dos cales faleceron 11. Pouco despois do inicio en GE, o 21 de marzo, as autoridades sanitarias de [Tanzania \(TZ\)](#) informaron tamén sobre o seu primeiro abrocho de EVM. Segundo o informe de situación publicado polo *Centro de Coordinación de Alertas y Emergencias Sanitarias* o 21 de marzo, detectáronse un total de 8 casos confirmados no noroeste dese país, na rexión de

Kagera. Faleceron 5 dos casos, incluíndo un traballador sanitario, e identificaron 161 contactos.

Actualmente, non se detectou a existencia de casos de EVM fóra destes dous países, nin existe evidencia de que os abrochos estean relacionados [3]. Polo tanto, a vía máis probable de introdución da EVM en España son persoas procedentes dun dos países afectados. Vale a pena comentar que, no caso de GE, España ten voos directos con GE debido ás estreitas relacións económicas e de cooperación ao desenvolvemento. Esta información podería variar segundo a evolución dos abrochos, pero actualmente débense considerar como [áreas de risco de transmisión](#) toda GE continental e a rexión de Kagera en TZ.

Por último, é importante recordar que ante a [sospeita dun caso de EVM](#), deberán utilizarse as [medidas de prevención e control recomendadas](#) así como facer a oportuna notificación ao SAEG para poder xestionar o caso e seus contactos. No apéndice dispón das ligazóns aos documentos de referencia para a identificación e manexo de casos e [contactos](#), así coma as últimas actualizacións epidemiolóxicas dispoñibles sobre a EVM.



# APÉNDICE

## VACINACIÓN FRONTE AO HERPES ZÓSTER AOS 65 E 80 ANOS

**Grupos de alto risco.** Transplante de proxenitores hematopoéticos (TPH), transplante de órgano sólido (TOS), tratamento con fármacos anti-JAK, VIH en persoas estables con terapia antirretroviral durante ao menos un ano, hematopatías malignas e tumores sólidos en tratamento con quimioterapia.

**Antecedente de varicela.** As [enquisas de seroprevalencia de Galicia en 2001, 2007 e 2013](#) acharon unha prevalencia de anticorpos IgG específicos fronte o virus da varicela-zóster nos nados de 1936 a 1961 do 97.5% (IC<sub>95</sub>: 96.4-98.6%), de 1943 a 1967 do 98.5% (IC<sub>95</sub>: 97.8-99.3%) e do 1949 a 1973 do 98.6% (IC<sub>95</sub>: 97.8-99.3%) respectivamente, sen diferenzas entre mulleres e homes.

**Incidencia de HZ en Galicia.** No gráfico de abaixo a esquerda móstrase a taxa anual de incidencia (casos por cen mil habitantes) bruta e axustada por idade (grupos decenais) de HZ notificado en Galicia dende 2012, ano no que comezou a notificación, a 2022. Nel obsérvase que a incidencia foi medrando linealmente ata 2019, cun descenso posterior entre 2020 e 2021 presumiblemente por mor do impacto da pandemia da COVID-19 na asistencia en atención primaria. No 2022 volve medrar a incidencia ata niveis de 2019. Os datos proceden da codificación de atención primaria do Sergas e só se considera a primeira consulta por HZ. No gráfico da dereita amósase a taxa de incidencia (casos por cen mil habitantes) media de HZ notificada en Galicia de 2012 a 2022 por grupos de idade (en anos) e por sexo. Nel pódese observar o característico aumento exponencial da incidencia a medida que aumenta a idade, a maior incidencia nas mulleres e que ambas as dúas son máis importantes a partir dos 50 anos.



## ENFERMIDADE POLO VIRUS MARBURGO: ABROCHOS EN GUINEA ECUATORIAL E TANZANIA

**Información da Dirección Xeral de Saúde Pública:** nesta páxina web dispón dos documentos nos cales se establece a definición dun caso posible de EVM (doente con febre e algún dos seguintes síntomas: cefalea intensa, vómitos, diarrea, dor abdominal, dor muscular ou manifestación hemorráxica non explicada E durante os 21 días previos ao comezo de síntomas estivo nunha zona de risco en contacto con enfermo con clínica compatible con EVM ou cos seus fluídos corporais/mostras biolóxicas) e as pautas para o seu manexo (poñerlle unha máscara cirúrxica ao doente, illalo nun cuarto con baño propio e notificalo ao SAEG para asegurar o procedemento a seguir e proceder a identificación de contactos). Tamén dispón de información para a identificación e manexo de contactos dun caso de EVM.

**Información do Ministerio de Sanidad:** nesta páxina web dispón dos documentos nos cales se actualiza a situación epidemiolóxica da enfermidade nos países afectados polos abrochos actuais, así coma do *Protocolo de actuación para la detección precoz y manejo de casos de enfermedad por virus Marburgo*.

**Información do Center for Disease Control and Prevention:** nesta páxina web pode consultar os mapas dispoñibles no marxe dereito nos cales se visualiza a distribución xeográfica dos abrochos de EVM que existen na actualidade. Tamén pode consultar o histórico de abrochos de EVM dos que existe rexistro.

